

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **REDONDELA**

#### **Presupostos e cadros de persoal**

#### *CREACIÓN E RETRIBUCIÓNS DE POSTO DE PERSOAL EVENTUAL*

#### *ANUNCIO*

#### *Creación e Retribucións de Posto de Persoal Eventual*

En cumprimento do acordado polo Pleno do Concello de Redondela, na súa sesión ordinaria de data 31/07/2019, e polo visto o disposto nos artigos 104 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e 29 da Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia (LEG), publícase o acordo plenario aprobado, relativo a creación e retribucións de Posto de Persoal Eventual:

1.—Crear un posto de natureza eventual coas seguintes características:

#### **Persoa secretaria coordinadora xeral da área de goberno**

Características e retribucións: Xornada completa. As retribucións brutas anuais do citado posto serán de 25.000 euros brutos en 12 mensualidades que incrementaránse na mesma porcentaxe que no seu caso sinale a correspondente lei de presupostos xerais para os funcionarios públicos. As súas funcións serán:

- Organización e programación da actividade da área de goberno.
- Secretaría persoal, axenda, visitas, etc. da alcaldesa.
- Xestión de correspondencia oficial.
- Soporte administrativo xeral da actividade da área de goberno.
- Centralización actividades relacionadas co proceso de organización de actos institucionais, visitas, etc.
- Calquera outra que estime a área de goberno, para o bo funcionamento dos servizos públicos municipais.
- Seguimento dos programas, plans e obxectivos e, actividades das diferentes áreas de goberno, organismos públicos, coa finalidade de facilitar á alcaldesa a coordinación do goberno.
- Recabar de todos os órganos do concello canta información sexa necesaria para o cumprimento das funcións de coordinación.



Luns, 12 de agosto de 2019

Núm. 153

Aprobar inicialmente a modificación do cadro de personal vixente (aprobado xunto co orzamento para o exercicio de 2018 e actualmente prorrogado) aos efectos de axustalo ao presente acordo e incorporar o posto de persoal eventual de Coordinador/a da área de goberno sometendo a información pública este acordo concreto polo prazo de 15 días facendo constar que, de non presentarse alegacións entenderase aprobada definitivamente a modificación de conformidade co procedemento establecido polo artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Determinar que a efectividade destes acordos condiciónase á existencia de consignación orzamentaria suficiente .

Redondela, 01 de agosto de 2019

A Alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez